

Con motivo da conmemoración do **8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora**, na clase de **5º de Primaria** traballamos a **coeducación** e a **igualdade** a través do conto **“Daniela pirata”**. Narra a historia dunha nena, Daniela, que soña con ser pirata no Caimán Negro, a embarcación máis temida de todos os mares. Pero Orellacortada e os demais membros da feroz tripulación non parecen moi contentos coa idea. Daniela terá que pasar difíciles probas. Será que estes piratas non queren rapazas no seu barco?



Unha a unha, Daniela vai superando todas as probas e deixando abraiados aos piratas. Orellacortada arde de rabia e de envexa, xa que non tiña ningunha intención de que unha muller formara parte da súa tripulación. Conseguirá Daniela ser admitida no Caimán Negro? **A protagonista feminina da historia demostra que non é a súa identidade sexual a que define a súa vida, senón as súas capacidades e actitudes.**



Podes gozar da historia completa, contada pola nosa compañeira Ana Lago, visualizando o vídeo.